

# CHEOS DE VIDA

[Agnès Jaoui, 2018]

# 416

ESTREA EN NUMAX: 27.07.2018 | V.O.S.E.

*Place publique* (2018, 98')

**Dirección:** Agnès Jaoui

**Guión:** Jean-Pierre Bacri, Agnès Jaoui

**Elenco:** Agnès Jaoui, Jean-Pierre Bacri, Léa Drucker, Kévin Azaïs, Nina Meurisse, Sarah Suco, Hélène Noguerra, Miglen Mirtchev, Frédéric Pierrot, Eric Viellard, Olivier Broche

**Son:** Renald Cotte-Verdy

**Montaxe:** Annette Dutertre

**Dirección de arte:** Renald Cotte-Verdy

**Vestiario:** Charlotte David

**Fotografía:** Yves Angelo

**Música:** Nicolas Dupont, Elise Luguern

**Produtoras:** SBS Films (Francia)

**Distribuidora:** La Aventura Audiovisual

**Formato de proxección:** DCP2K, 2.35:1

**Idioma orixinal:** Francés

## FILMOGRAFÍA

*Un cuento francés*, 2013

*Háblame de la lluvia*, 2008

*Como una imagen*, 2004

*Para todos los gustos*, 2000

## PREMIOS E FESTIVALS

Berlinala 2018 (Sección oficial)

## SINOPSE

Vai un día espléndido nos campos próximos a París. Hélène asiste á festa de inauguración da nova casa da súa irmá Nathalie. Na festa tamén está o seu exmarido, Castro, un presentador de televisión en horas baixas. A diferenza de Heléne, que se mantivo fiel aos seus ideais de xuventude, Castro evolucionou cara ao pesimismo e o cinismo. Coa chegada á festa da filla de ambos, Nina, a tensión acumulada comeza a ceder: corre o champán, voan os reproches, e mentres tanto, a festa segue por todo o alto...

“Comedia coral doce e amarga dunha fermosa precisión”

Amélie Cordonnier, FEMME ACTUELLE



## “Estamos a vivir o rexurdimento de certos demos que parecían soterrados”

Entrevista con Agnès Jaoui e Jean-Pierre Bacri

### En *Cheos de vida* semella que vos divirte enfrontarvos ás distintas clases sociais.

Agnès Jaoui (AJ): Seguimos a falar sobre as diferenzas de clase porque aínda existen. É un tema que semella inesgotábel, mesmo se esas diferenzas son agora menos marcadas que antes. Manu pensa que é amigo de Castro, pero no intre no que este o sente así, ten o poder para poñelo no seu sitio. Tamén queríamos falar sobre a elite, os seus bailes e cantos impermeábeis a que as clases sociais que as rodean non compartan o seu entusiasmo e se sintan non representados ou ignorados.

Jean-Pierre Bacri (JPB): E ademais poden ver a complicidade que existe dentro desta elite. Cando o alcalde aparece na festa de Nathalie, comprendemos perfectamente como prefire satisfacer os desexos dun parisino rico que os de Delavenne, o granxeiro que traballa nos campos.

**O filme constrúese sobre un *flashback*, o que reforza a ameaza dun conflito de clases...** AJ: A miúdo sinto que estamos a bailar sobre un volcán; seguimos adiante coa idea de que nos divertimos pero todo podería rematar moi mal. Realmente

comprendo que a xente que se sente abandonada estea farta, mesmo aínda que pense que están trabucados en que a solución sexa votar a extremistas. Non os van salvar senón ao revés, vai ser peor.

### A vosa voz é recoñecíbel na escrita e o ton do filme, pero desta volta hai un tema novo: o avellentamento, o paso do tempo...

JPB: Iso é porque é un tema novo nas novas vidas tamén! Estamos a descubrir como se sente un ao perder a capacidade de sedución e ao non ser *cool*, e falo en particular do meu personaxe. Sempre estamos a dar voltas sobre os mesmos temas e agora ademais súmase o extraordinario descubrimento de que nos estamos a facer vellos.

AJ: Ao comezo, na radio, Castro dá a súa visión oficial das ledicias de facerse vello. escoitei esas frases, palabra por palabra, nalgún programa de radio. E non creo nin por un intre na súa sinceridade pero, á vez, entendo que a xente o diga porque non é interesante poñer voz ao atroz que é avellentarse, ninguén o quere escoitar. Foi divertido para min comezar o filme con este discurso oficial arredor das ledicias de facerse vello e logo entrar de cheo no tema, para ver que hai detrás. Hoxe en día, expoñémonos moito pero, paradoxalmente, embelecemos as nosas vidas.

### *Cheos de vida* tamén aborda a nosa sinceridade, ou a ausencia dela, cos compromisos e os ideais da xuventude.

JPB: Non só nos facemos vellos no aspecto físico. Os nosos valores e convicións tamén o fan, e pérdense... Hai rebeldes que rematan sendo

reaccionarios. Cando Hélène lle pregunta a Castro que foi das súas convicións el reponde, cinicamente, que todos evoluímos.

AJ: É importante aclarar que comezamos a escribir antes das eleccións francesas de 2017. Marine Le Pen era moi poderosa, a esquerda comezaba o seu descenso aos infernos e Macron nin sequera estaba aínda na ecuación. Honestamente, eu tiña medo. Nacín en 1964 asumindo que non habería outra guerra e moito menos campos de concentración. E hoxe en día estamos a vivir o rexurdimento de certos demos que parecían soterrados.

Parece que nos estamos a asentir na despolitización dos máis novos, que ven o mesmo na esquerda que na dereita. Ese é o caso de Nina, a nosa filla no filme. Sentín que era urxente falar do desengaño e a desafección nun intre no que estábamos a vivir os ataques terroristas, propenso a opoñerse ao cinismo da extrema dereita e ao idealismo simplista da extrema esquerda.

JPB: Podemos ver claramente ese cinismo actual, que podemos chamar tamén o politicamente incorrecto, aproveitando a conxuntura e gozando do seu atractivo superficial. Todos podemos deixarnos influír por esta caste de pensamento.

AJ: Queríamos falar do politicamente incorrecto, no sentido de que aqueles profesan un pensamento ético son tildados de antigos e expostos aos apupos modernos.

Publicado en <http://laaventuraaudiovisual.com>  
Tradución: Xan Gómez Viñas

# NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega  
Concepción Arenal, 9 baixo  
15702 Santiago de Compostela  
TELF 981 560 250 | [www.numax.org](http://www.numax.org)

Abónate  
agora e ven  
sempre por

4€

Novas tarifas  
válidas a partir  
do 6 de xullo

Faite  
NUMAX!